

DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 30 de xuño de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES CORRESPONDENTES Á XXII EDICIÓN DO PREMIO RICARDO CARVALHO CALERO DE INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA E CREACIÓN LITERARIA 2025 (EXPEDIENTE CIVIDAS 2025021158).
Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Cultura, que textualmente di:

“Antecedentes.-

1º.- O Concello de Ferrol, dende hai anos ven realizando o Premio Ricardo Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Creación Literaria, cunha paréntese durante seis anos; este ano preténdese retomar a súa celebración coa XXII edición.

2º.- Dende o punto de vista xurídico, os premios teñen o concepto de subvencións, estando recollido de forma expresa esta categoría, tanto na lexislación estatal (Lei 38/2003 e RD 887/2006) como na lexislación autonómica (Lei 9/2007).

3º.- Pola súa banda, este Concello dotouse da súa propia Ordenanza de subvencións (BOP 21/10/2019).

4º.- No Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ferrol para o período 2024-2026, recóllese na súa Liña Estratéxica LS.3.3 – *Axudas para a labor na produción literaria ou interpretación artística das persoas*, a previsión e orzamento necesarios para o desenvolvemento de concursos coma este, dirixidos a persoas físicas que desenvolvan actividades artísticas, tanto de creación como de interpretación ou estudo.

Calificación xurídica.-

Como queda indicado, os premios teñen o carácter de subvencións, quedando excluídos unicamente desta categoría aqueles premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario (art. 4.a da Lei 38/2003), suposto este que non concorre no caso que nos ocupa.

A citada lei recolle unha referencia expresa aos premios, no seu carácter de subvención, na súa disposición adicional décima, a cal establece:

“Reglamentariamente establecerase o réxime especial aplicable ao outorgamento dos premios..... que deberá axustarse ao contido deste lei, salvo naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.”

En todo caso hai que engadir, que o Regulamento que desenvolve a citada lei, non recolleu dito réxime especial, o que obriga a unha aplicación interpretativa da citada disposición adicional décima.

Por outra banda, a disposición adicional décimocuarta indica que nas Entidades Locais, os procedementos regulados na lei de Subvencións adaptaranse, a través dun regulamento, ás condicións de organización e funcionamento das mesmas.

Dito desenvolvemento regulamentario tampouco se levou a cabo.

En todo caso, o artigo 17.2 da Lei 38/2003, esixe que:

“Las bases reguladoras de las subvenciones de las corporaciones locales se deberán aprobar en el marco de las bases de ejecución del presupuesto, a través de una ordenanza general de subvenciones o mediante una ordenanza específica para las distintas modalidades de subvenciones.”

A dita norma determina o contido que deberán reflectir as citadas bases, en todo caso, é necesario analizar (nos termos da disposición adicional antes citada) os aspectos desenvolvidos no artigo 17 da Lei 38/2003 que non son aplicables ao ámbito dos premios; a saber: as condicións de solvencia (17.3.c), a determinación dos libros e rexistros contables (17.3.h), o prazo e forma da xustificación (17.3.i), as garantías e a súa cancelación (17.3.j), pagos anticipados (17.3.k). Estes aspectos carecen de encaixe algún no desenvolvemento duns premios desta natureza. Tampouco pode resultar aplicable a composición do xurado determinado pola ordenanza xeral deste concello toda vez que este xurado adoecería dos coñecementos e práctica imprescindible para a emisión de xuízos de valor sobre os textos dos participantes.

Excluindo dos contidos antes referidos, as bases que se achegan atenden as exixencias do citado precepto.

Remitido o expediente á Intervención, incorporase ao expediente o informe correspondente.

Atendendo a todo o sinalado, **proponse á Xunta de Goberno Local:**

Primeiro.- Aprobar a realización da XXII Edición do Premio Ricardo Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Creación Literaria para o presente ano 2025.

Segundo.- Aprobar as Bases que rexerán a participación na XXII Edición do Premio Ricardo Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Creación Literaria para o ano 2025.

Terceiro.- Aprobar o gasto dos premios de ambas modalidades por importe total de 8.000 €, con cargo á seguinte partida orzamentaria:

8.000 € Partida 05101 3341 48000 (premios)

Cuarto.- Aprobar a “Convocatoria pública da XXII Edición do Premio Ricardo Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Creación Literaria e a remisión dun extracto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no BOP da Coruña a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SPNS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Ferrol, na data da sinatura dixital

A xefa de servizo de Cultura, Educación,
Deportes e Turismo

María Molins García

*ANEXO I

ANEXO I

XXII Edición do Premio Ricardo Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Creación Literaria 2025

Bases

1. OBXECTO: O Concello de Ferrol convoca a XXII edición do Premio de carácter bianual Ricardo Carvalho Calero de Investigación Lingüística e Creación Literaria, que ten por obxecto declarar o mérito apreciado nas obras gañadoras, presentadas en concorrencia con outras, e promover a creatividade artística e literaria.

2. MODALIDADES: O certame comprenderá dúas modalidades, podendo os candidatos presentarse a unha ou ambas:

- Premio de investigación lingüística ou ensaio (entendendo o ensaio como xénero literario nas claves de xeración do discurso, debate e reflexión), no que os traballos presentados terán unha extensión mínima de 100 páxinas e máxima de 250 páxinas.
- Premio de creación literaria (narración curta), que consistirá nunha narración curta ou nun conxunto de contos por autor, cun máximo de 60 páxinas.

3. PREMIOS: A dotación para cada unha das modalidades do premio será de 4.000 €, cantidades suxeitas ás retencións legais que lles sexan aplicables.

Ademais as obras gañadoras serán publicadas polo Concello de Ferrol. Respetaranse os orixinais presentados incluída a normativa lingüística.

4. PARTICIPANTES: Poderán participar neste premio todo/as os autores e autoras maiores de idade, de calquera nacionalidade, que presenten as súas obras escritas en lingua galega, con liberdade normativa, e que non obtivesen o premio en calquera das dúas modalidades en edicións anteriores a esta, nin outros premios similares.

5. PRESENTACIÓN: Cada obra presentarase en soporte dixital.

O soporte dixital deberá incluír na cuberta: XXII Premio Ricardo Carvalho Calero, o título da obra, e un lema ou pseudónimo da persoa que sexa a súa autora, e modalidade na que concursa. O tratamento de texto será PDF.

Os requisitos técnicos de formato das obras serán: letra Times New Roman, tipo 12 en texto, 10 en notas a pé de páxina e 9 en citas textuais de máis de tres liñas; interliñado sinxelo, marxes de 3 cm e páxinas numeradas.

As obras deberán enviarse por correo electrónico á dirección cultura@ferrol.es nunha única mensaxe, co asunto "XXII Premio Ricardo Carvalho Calero", que inclúa dous arquivos adxuntos:

- Arquivo 1: A obra presentada a concurso, en formato PDF, asinada unicamente cun pseudónimo. Non debe conter ningún dato persoal do autor.
- Arquivo 2 (plica): Un arquivo PDF titulado "Plica_(seudónimo)" que inclúa os datos persoais do autor (nome completo, DNI, dirección, teléfono, correo electrónico), título da obra, o lema ou pseudónimo empregado, unha copia do documento de identidade, un breve currículo e unha declaración expresa de que a obra é inédita e non foi premiada ata a data de presentación, en ningún outro certame ou premio.

O xurado soamente terá acceso ao arquivo da obra. A plica será aberta unicamente unha vez fallado o premio e so no caso de que a obra resulte gañadora ou finalista.

6. PRAZO: O prazo para a presentación das obras orixinais contará a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP e finalizará o 30 de setembro.

7. XURADO: O órgano competente para a ordenación, instrución e resolución do concurso será nomeado polo concelleiro delegado de Cultura, que estará formado por un presidente ou presidenta, que será o propio concelleiro (ou persoa en quen delegue), e catro vogais, entre os que figurarán un representante da Sociedade Cultural Medulio e personalidades do campo das letras, previa proposta da entidade Sociedade Cultural Medulio. Unha funcionaria do negociado de Cultura desenvolverá as funcións de secretaria, e actuará con voz e sen voto.

As cuestións que xurdan e a interpretación das bases corresponderá ao concelleiro delegado de Cultura, e en todo caso, aplicarase a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

A composición deste órgano xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web www.ferrol.es, co fin de que se poidan alegar os supostos de abstención e recusación (artigos 23 e 24 da Lei 40/2015).

8. FALLO: As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. O xurado deberá basear o seu fallo nos seguintes criterios de valoración, motivando suficiente e claramente a decisión final de outorgamento, debendo quedar todo isto debidamente reflectido na acta:

Premio de investigación lingüística ou ensaio

- Rigor e fundamentación teórica.
- Capacidade de análise, reflexión crítica e orixinalidade do enfoque.
- Claridade expositiva e estruturación do contido.
- Achegas ao coñecemento da lingua ou á reflexión sobre ela.
- Corrección lingüística e estilística.

Premio de creación literaria

- Calidade literaria e riqueza lingüística.
- Creatividade, orixinalidade e vontade de estilo.
- Coherencia narrativa e estrutura do relato/conxunto.
- Corrección ortográfica e gramatical.

O xurado resérvase o dereito de que o premio quede deserto no caso de que considere que as obras presentadas non teñen a calidade mínima esixible.

As plicas correspondentes ás obras finalistas poderá abrilas o secretario ou secretaria do xurado co fin de que se poida dar a coñecer o seu nome.

9. PUBLICACIÓN E ENTREGA DE PREMIOS: O ditame do xurado farase público, despois de reunirse para decidir o premio, no último trimestre do ano, e a data de entrega de premios darase a coñecer coa publicación do fallo do xurado na páxina web www.ferrol.es. Aos gañadores se lles notificará vía correo electrónico, comunicándolles así mesmo a data do acto de entrega de premios, facendo homenaxe á figura de Ricardo Carvalho Calero. De non poder asistir ao acto, os gañadores deberán comunicalo e xustificalo cunha antelación mínima de 48 horas; de non ser así, o premio lle será revogado.

As persoas beneficiarias do premio deben cumprir cos requisitos recollidos nos artigos 13 e 14 da Lei Xeral de Subvencións, entre os que se atopa estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, polo tanto deberán acreditar previamente esta circunstancia.

10. DEREITOS DE AUTOR: O Concello de Ferrol reserva para si os dereitos de autor na primeira edición; a partir da segunda, as obras premiadas pasan a ser propiedade da persoa autora, que deberá facer constar a condición de persoa gañadora do XXII Premio Ricardo Carvalho Calero na modalidade que corresponda.

11. ACEPTACIÓN DAS BASES: A inscrición e presentación da obras supón a total aceptación destas bases do concurso por parte dos autores.

12. COLABORACIÓN: A Sociedade Cultural Medulio colaborará co Concello de Ferrol no desenvolvemento deste premio.

13. PROTECCIÓN DE DATOS: De acordo co Regulamento (UE) 2016/679 (RXPd) e coa Lei Orgánica 3/2018, infórmase que os datos persoais recollidos coa participación neste concurso serán tratados polo Concello de Ferrol, coa finalidade de xestionar a participación no concurso e difundir os resultados.

A base legal do tratamento é o consentimento da persoa participante. Non se cederán datos a terceiros, agás por obrigas legais. Poderán publicarse o nome e apelidos das persoas premiadas, así como os seus traballos, nos medios do Concello.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e demais dereitos recollidos na normativa, dirixíndose ao Concello de Ferrol.

14. RÉXIME XURÍDICO: Atendendo á súa natureza xurídica, en todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a normativa estatal e autonómica en materia de subvencións, así como a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE